

VOTAR NO

Ó


COSTITUCION

PO

ANTI GALEGA

G

ANTI O BREIRA



INTRODUCION.-

Pra comprender ben cal vai ser o futuro que nós espera os traballadores galegos nas "novas" coordenadas socioeconómicas e políticas, convén analizar, ainda que sexa superficialmente a dinámica económica nos últimos tempos en que foise articulando a "reforma", que rematará unha etapa importante co referendun constitucional.

Evidentemente a política económica, laboral e mesmo sindical, por parte do goberno, baséase no intérés por "racionalizar" o sistema económico, dende o punto de vista da burguesía imperialista española, pra acondicionar ás novas necesidades que tiña. Comtou co apoio fundamental das centrales españolas dependentes da socialdemocracia e do eurocomunismo, aliados todos na ceremonia de consolidar o capitalismo colonial. Precisamente foi en base a esa "entente" como se xestou e tentaronse poñer en práctica as primeiras medidas socioeconómicas pra salvagardar o capital monopolista español, e foi así como nacceu o "Pacto da Moncloa".

A I.N.G. xa anticipou as consecuencias do Pacto da Moncloa e desgraciadamente pros traballadores cumplironse todas dun xeito, moitas veces, más grave do que cabía esperar. A filosofía de fondo do Pacto era clara: sair dunha situación económica crítica pra burguesía imperialista española, no seu propio beneficio, a costa de que os traballadores viranse sometidos a unha situación ainda más angustiosa. As alternativas españolas xa sexan de dereitas ou esquerdas coincidían na aplicación do Pacto porque NIN OS UNS NIN OS OUTROS CUSTIONABAN O ACTUAL ORDE ECONOMICO E SOCIAL.

Os resultados do "Pacto da Moncloa" son ben coñecidos e padecidos:

- A subida experimentada no coste da vida nos anos 1977 e 1978, disminuía a mitade aprosimadamente, o poder adquisitivo de moitos salarios, por mor do seu estancamiento que preveía o Pacto.
- Foi o caixón de desastre dos empresarios pra facer inviable, ou poñerlle todo tipo de chatas, a calquera reivindicación.
- O atentado contra os postos de traballo por medio das suspensións de pagos, regulacións, peches e mesmo despidos masivos foi a ténica imperante nos últimos meses.

- Intento de desmovilización da clase traballadora por mor do fantasma do paro e a crisis que se fixo pesar sobre nós, dunha maneira acentuada dende a fima do Pacto.

- Pra "canalizar" todo o malestar provocado por esta situación, ofreciase nos como única saída viable a "coexistión". Aínda por riba o que pretendían era que aturásemos mansamente a situación, introducindonos na mecánica do sistema, facéndonos creer que somos corresponsables.

O panorama no noso País é claro: na etapa de consolidación dunha economía de mercado, as agresións contra os intereses dos traballadores son más claros e descarados ainda que se lexitimen en nome da democracia. En definitiva, dempois dun ano de aplicación do Pacto, a pretendida estabilización económica e a saída à crisis, xa sabemos o que significa: peches e regulacións en empresas que baixan a sua rentabilidade, manter a mesma tasa de ganancias por parte da burguesía imperialista española a costa de ~~MANTENER~~ A DEPENDENCIA DE CERTAS NACIOS DO ESTADO, e a costa tamén dos traballadores, recurrindo a todos os mecanismos necesarios incluído o despido. Concluindo a "estabilización" é a da situación do capital monopolista pra manter a sua situación privilexiada. Ascón, Regojo, Corfi, Unión Cradytor, San Remo..., despidos massivos, regulacións de plantilla, crisis en sectores enteros como o mar ou a construcción naval, etc. son o balance dun ano de "Pacto".

Hoxe topámonos ás portas de dous acontecimentos ligados entre si, que som a firma do novo Pacto e o referendun Constitucional. Dous projectos que non fan más que afondar na linea iniciada polo Pacto da Moncloa. A Constitución non vai ser nin mais nin menos, que o marco socioeconómico e político que consagra o capitalismo colonial no Estado Español, ca fachada que necesita pra subsistir. O novo Pacto vai supoñer a concreción de medidas que completarán o texto constitucional, e feitas na mesma perspectiva que o seu predecesor ou más duro ainda.

ANALISIS DA CONSTITUCION

(asegún o testo aprobado no Congreso Español)

A nosa postura no caso da constitución debe ser clara e votar NO a unha Constitución, que ademais de NEGARNOS A SOBERANIA, que como pobo nós pertenece, CONSAGRÁ O SISTEMA DO CAPITALISMO MONOPOLISTA e, xa que logo, servirà pra sancionar a función colonial de Galicia, e no caso dos traballadores galegos pretende condenalos á indefensión, a seguir sendo victimas dunha economía libre de mercado onde o despido, o paro, é en definitiva a rentabilidade do sistema pra burguesía imperialista española esté asegurada. Vexamos esto más polo miúdo.

Non entraremos a fondo nunha das razões fundamentais do noso voto negativo a Constitución española, cal é a lexitimación do Estado Imperialista Español e a sua estructura unitaria, negando a soberanía galega, e ao tempo, que pretendan frenar as nosas arelas de liberación nacional ca "cesión" da autonomía, deixarán intacta a función que Galicia cumple. Dende o aspecto económico ao político pasando pola sanción legal do español como idioma oficial que todo ciudadano terá o deber de conecerlo e o dereito de usalo, e apuntalado polos aspectos cultural e social; a Constitución ten un ouxetivo fundamental, que é o garantizar que as naciós do Estado sigan a cumplir a mesma función que deixa agora. Xa que logo fará inconstitucional e pretenderá que sexa inviable calqueira proyecto encamiñado a rachar a nosa dependencia e a gobernarnos nós sin ningun tipo de inxerencias. Si analizáramos aspectos a

fondo, topámosas as fondas repercuções mo~~s~~ fragorizadas polos traballadores gallegos. O paro, a emigración, os baixos salarios, a falla de postos de traballo, etc., é que nós ten reservado o Estado Español.

Agora ben, analizaremos más exaustivamente os aspectos económicos, laborais e sindicais, como son tratados nos artigos da constitución, xa que os outros aspectos son dabondo conocidos. Ainda nos aspetos que trataremos non permenorizaremos as consecuencias, doblemente graves, no caso galego por ser unha dedución directa.

A Constitución concreta certos aspectos fundamentais e deixá ambiguos temas marxinás:

• Limitase a sindicación pros funcionarios (art. 26), e declarase como ilegal calqueira orgaismo sindical que atente contra a Constitución.

Art. 7.- (sobre os sindicatos)... Su creación y nel ejercicio de su actividad son libres dentro del respecto a la Constitución y a la Ley.

Xa que logo os que non acepten e ataqueñ à Unidade do Estado, ou ó Capitalismo por poñer dous exemplos, nun intre en que sexa "necesario" pro Estado, podran seren declarados ilegales por non acatar a constitución.

• Servicios públicos, tan fundamentais como o ensino e a sanidade, que estan reclamando a berros a estatalización, non soio non se camiña nise senso, senon que danse pasos atrás. No caso da sanidade impidese a socialización real da medicina (feito chamativo sinse ten presente a última demagoxia das centrales españolas no conflicto da sanidade falando de "socialización" cando houbo "consenso" à hora de redactar a Constitución Española), e nin siquera garantizase a estatalización das instituciões paraestatais, colocando os poderes públicos como orgaizadores e tutelares das prestaciões sanitarias. Así o artigo 37 di: ...La asistencia y prestaciones complementarias serán libres".

O cal garantiza a esistencia e protección, en nome da "libertade", de escoller medico, da medicina privada, ainda por riba "tutelada" polos poderes publicos. Apuntálase todo esto no 123 onde, ademáis de introducir a coxestión na S.S. diso:

Art. 123.- " La ley establecerá las formas de participación de los interesados en la S.S. y en la actividad de los organismos públicos cuya función afecte directamente a la calidad de la vida y al bienestar!.

Evidentemente queda claro que poden esistir organismos privados.

En definitiva, pechase a porta a posible socialización, e na S.S. en vez de asegurar a sua estatalización, preténdese introducir ainda a privatización pola via coxestionaria. Unha cousa moi parella ocurre co ensino onde claramente deixase constitución dun evidente retroceso, ainda con respecto o fascismo. Asegúrase, fortalese e promovidónase o ensino privado, correndo os fondos publicos ca sua financiación e pretendese introducir a privatización no hoxe estatalizado, por medio da inclusión na actividade do centro de elementos privatizadores e alleos a él, e uniformizando o criterio suvencionador do estado con respecto os dous tipos de ensino, pra asi tentar facer desaparecer a contradición estatal-privada. Por suposto, feito todo en nome dunha "libertade" que analizando o resultado pon ben ás claras que se trata da libertade dos de sempre, servindo pra asegurar a xestión privada nos servicios públicos.

Faise unha declaración espresa do sistema económico salvagardando o capitalismo monopolista:

Art. 34.- "Se reconoce la libertad de empresa en el marco de la economía de mercado".

Colocando os poderes públicos como garantizadores e protectores do seu exercicio. En definitiva unha clara declaración de que o estado é o fidel gardador dos intereses da burguesía española. Neste senso chegase incluso a constitucionalizar possibles accións coercitivas contra os que violen a productividade

Art. 34.- "Los poderes públicos garantizan y protegen el ejercicio y la defensa de la productividad de acuerdo con las exigencias de la economía general y en su caso de la planificación".

En definitiva, unha acción reivindicativa en defensa duns intereses (folgas partos técnicos, ritmos lentos, etc.) poderán ser calificadas de inconstitucionales cando o Estado lle pente. Por outra banda esas mesmas formulacións, en aras da "productividade", poden servir pra xustificar os peches patronais, regulacións de plantilla, etc.

Refórzase todo o devandito, ainda máis nos artigos 36 e 125 colocando os poderes públicos como fomentadores dunha Política de Estabilidade económica. Xa sabemos o que significa a estabilidade económica pro Estado, e o Pacto da Moncloa vemo-lo lembrar: que non existan conflictos, que a burguesía imperialista española mantería as mesmas cotas de ganancia, etc. Por si isto fose pouco, faise participe o Estado na estimulación da libre competencia (art. 125).

Asegurase a coexistión como via pra "solucionar" os conflictos e como garantía pra amortiguar a loita de clases. Levase esta política "coexistencial" mesmo a estremos alarmantes, tal é a formulación do artigo 125.

Art. 125.- "El gobierno elaborara los proyectos de planificación, de acuerdo con las previsiones que le sean administradas por las comunidades autónomas y el asesoramiento de colaboración de los sindicatos y otras organizaciones profesionales."

Ademais de deixar ós ORGANISMOS AUTONÓMICOS, unha vez máis, como SIMPLEMENTE CONSULTIVOS e ó servicio do capitalismo colonial, preténdese introducir ós sindicatos como lexitimadores da Política económica feita polo estado, que xa queda claro máis enriba, que carácter terá. No artigo 123 determinase a coexistión no nivel da empresa.

Art. 123.- "Los poderes públicos promoverán eficazmente las diversas formas de participación en la empresa y facilitaran un marco legislativo adecuado para las empresas cooperativas. También establecerán los medios que faciliten el acceso de los trabajadores a la propiedad de los medios de producción"

Incluso ofrecese a posibilidade de empresas cooperativas e a participación dos traballadores na propiedade dos medios de produción redatando esto nun contemento que evidencia con claridade como posible saída a certos conflictos a posibilidade de "solucionarles" pola via da S.A (lembremos Regojo) ou incluso o engañar ós traballadores ofrecéndolles á empresa, sendo a propio Estado o dinamizador deste .

Os tratados internacionais e a trasferencia de poderes constitucionais a organismos internacionais que se contemplan no artigo 87, seran unha garantia e un argumento pra entrada no M.C.E. e pra integración clara do Estado Español ao capitalismo monopolista na Europa Occidental e no mundo. As consecuencias dista politica pra Galicia, pra clase traballadora galega son claras e non imos analizar eiqui.

Estos son aspectos que quedan claramente concretados. Existen na Constitución outros aspectos mais ambiguos que co marco antedito fanno supoñer que o van a ser.

A Folga (art. 26), por exemplo, queda pra regularse por Lei. Xa conocemos a regulación actual e ainda por riba ca clara "salvagarda da productividade" e da "estabilidade económica" que esplícamos enriba, deixan mans ceibes o Estado pra declarar ilegal calqueira folga que non lle interese. Niste contesto o recoñecimento constitucional do dereito a folga, ainda que despois se regule por Lei, non vai ser mais que un principio valeiro de aplicaciós prácticas en defensa dos traballadores.

A negociación colectiva, os conflictos colectivos tamén serán regulados por Lei (art. 33). Esa lei, que xa conocemos, ira no camiño de impedir a capacidade negociadora ás centrales das nacións dependentes, tentando cargarse así o que represente a sua esistencia.

Con respecto o descanso laboral e vacacións faise unha verdadeira declaración ambigua que non servirá de nada.

Art. 36.- "...garantizaran el descanso necesario mediante la limitación de la jornada laboral, las vacaciones periodicas retribuidas".

O "necesario" pra burguesia era fai 90 anos 14 horas diárias; nin siquera ponse un tope máximo de 40 horas semanales e non se fai a más mínima referencia a traballo tóxicos e penosos. Por suposto tampouco se contempla na Constitución a edade máxima de xubilación.

Tendo esto presente xa podemos agardar un estatuto de traballador, que a Constitución contempla a elaborar por Lei (art. 32), realmente contrario ós nosos intereses.

Con respecto ós salarios, as declaracions tamen son de que serán suficientes

Art. 32.- "... los españoles tendran derecho a una remuneración suficiente para satisfacer sus necesidades y las de su familia"

Tendo presente que rematase de aprobar, como a gran cousa, un salario mínimo de 600 ptas., que serían estúpidos pra pagar o alquiler de un piso en calqueira cidade galega, xa podemos esperar a "suficiencia estancada" dos nosos salarios.

Completan estos artigos, nos aspectos que analizamos eiqui, unha chea de declaracions demagoxicas e abstractas que no contesto constitucional non poden engañar a ninguén. Así despois de todo o precedente e dos aspectos detallados, a declaración do artigo 32 do deber e dereito ó traballo non deixa de ser unha ironia, cando esisten NO ESTADO ESPAÑOL MILLON E MEDIO DE PARADOS, e cando ademais, se Constitucionaliza unha economía libre de mercado onde se garantizará a "estabilidade" e

"produtividade" económica. A declaración sobre a emigración do artigo 28 nin siquera pode engañar como declaración de intencions, xa que se pretende na Constitución que Galicia siga cumplindo a función colonial, e os proyectos do estado español cara a entrada no M.C.E. xa estan directamente contemplados, o tempo ca agresión do capitalismo imperialista sober de Galicia e os traballadores galegos pretende quedai asegurada, esto quer decir que non soio non recuperaremos os nosos emigrantes, senon que continuaremos a ser unha reserva de man de obra barata pra "esportar".

A declaración sobre a modernización e desenrollo dos sectores: como agricultura, pesca, gandeiria, do artigo 124, non seran maos ca continuación da agresión e o esnavezamiento distes sectores. En definitiva declaracions demagòxicas que nun contesto marcado pola libre competencia e a salvagarda dos intereses da burguesía imperialista española, xa sabemos ó que daran lugar cando se concreten en leises. E por eso polo que nalguns casos deixamos en simples declaracions ambiguas que xa se encargaran de delimitar no seu propio beneficio.

Resumindo, garantizarase o marco que sacraliza o capitalismo monopolista e o estado como asegurador da "estabilidade económica" e da productividade.

Evidentemente o sistema económico será o da libre empresa no marco da economía de mercado, contemplando a coexistión como posible saída prosc conflictos e amortiguador da loita de clases.

A constitución siñifica a consagración do actual orde económico e social, adaptado nalguns aspectos a nova etapa; e pretende que os traballadores galegos aturemos mansamente a nosa esplotación, establecendo un marco legal que pretende sancionar como inviable calqueira oposición. O testo constitucional pode DECLARAR ILEGAL, por inconstitucional, dende unhos TRABALLADORES EN FOLGA, deica a más simple reclamación pasando por calqueira organización que tente realmente transformar o marco capitalista ou a estructura unitaria do Estado. O consenso acadado no testo polos partidos políticos e o apoio posterior das centrales españolas, descubren unha vez mais o feito de que coinciden en defender os mesmos intereses i en non cuestionar o poder da burguesía imperialista española, e indica ainda mais, que as poucas declaracions que fan no camiño de transformar a sociedade, non son mais que vaguedades sin senso, xa que a hora de facer política real apoian un testo CONSTITUCIONAL QUE LEXITIMA O ESTADO IMPERIALISTA ESPAÑOL e o sistema capitalista na propria constitución, ó tempo que coloca fora da constitución a calqueira que realmente loita polo remate da esplotación do home polo home.

O Padto Social que nos espera, a Lei de negociación colectiva, o decreto de folga, serán a compleción que respetando aquela filosofía de fondo espantarán unha nova legislación antiobreira e antigalega. Neste senso a oposición dende hoxe o Pacto Social que se aveciña deber ser a tónica xeral da nosa actividade. Oposición à política que pretende esconder as contradicions pola via de facernos aceptar unhas condicions socioeconómicas presentadas como "salvadoras do país", cando en realidade van claramente en perxuicio dos traballadores.

Oposición a unha política que pretende acabar co sindicalismo que realmente vai no camiño de transformar as sociedades., pola via direuta de pretender imposibilitarlle a negociación, ou indirecta de presentarnos con todos los medios propagandísticos o seu alcance como irresponsables e e antinaturales, porque imos contra un orden social consagrado constitucionalmente.

Nós comezemos o que foi o "Pacto da Moncloa" na nosa carne, e si se aproba a constitución, o Pacto quo se aveciña serà ainda mais duro, pois xa estará sancionado e lexitimado "democràticamente" o marco económico - político que precisan pra sua aplicación. Xa que logo, a oposición a política do Pacto Social, supon a oposición a constitución e viceversa. O Pacto Social i a Constitución representan duas caras da mesma moneda, de pretender lexitimar e cargarse a real oposición à política económica da burguesia imperialista española, por anticonstitucional ao tempo que a agresión colonial ás clases populares, ás traballadores galegos, continua e concretase connovas formas. Os topes salariais, as regulacións, os expedientes de crisis, a privatización dos servicios públicos, pretenderán ser asegurados. NOS SOIO PODEMOS MANIFESTAR ANTE TODO ESTE MONTAXE A NOSA OPOSICIÓN VOTANDO N O N A CONSTITUCIÓN E OPOÑENDONOS CON TODA A FORZA AO PACTO SOCIAL QUE SE AVECINA=

INTERSINDICAL NACIONAL GALEGA

I. N. G.

Vigo, outono do ano 1.978

